

DECRETO

EXCMO. SR. DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, ALCALDE DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO

ASUNTO: APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MEDIANTE A MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO 02/2026 PARA DAR COBERTURA ÁS OBRIGAS DE CARÁCTER ECONOMICO DERIVADAS DA APORTACIÓN MUNICIPAL AO PLAN DEPUTACIÓN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2026, PARA A DEBIDA XESTIÓN DUNHAS OBRAS NA ZONA RURAL (PPU-2026).

Visto o expediente tramitado para modificar créditos mediante a modalidade de transferencia de crédito núm.: 02/2026, por un importe total de 56.630,64 € dentro do vixente orzamento do exercicio 2025, prorrogado do exercicio 2026, para dar cobertura ás obrigas derivadas da APORTACIÓN MUNICIPAL AO PLAN DEPUTACIÓN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2026, para a debida xestión dunhas obras na zona rural (PPU-2026).

Visto o informe do servizo de Medio Rural de 21.01.2026 no que se solicita e a tramitación dun expediente de modificación orzamentaria na modalidade de transferencia de crédito, polo importe de 56.630,64 €, para dar cobertura ás obrigas de carácter económico derivadas da APORTACIÓN MUNICIPAL AO PLAN DEPUTACIÓN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2026, para a debida xestión dunhas obras na zona rural (PPU-2026).

Visto igualmente o informe da Intervención Xeral Municipal Ref: 59/2026, do 26.01.2026 así como o RCMOD Ref.: 4693/2026 por importe de 56.630,64 €

En virtude do disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal apróbase o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de execución do orzamento vixente prorrogado e sobre a base das atribucións conferidas a esta Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. Aprobar o actual expediente de modificación de créditos a través da modalidade de transferencia de crédito por un importe global de 56.630,64 € para dar cobertura ás obrigas sinaladas na parte expositiva do presente decreto:

<u>APLICACIÓN S ORZAMENTARIA S QUE CEDEN CRÉDITO</u>	<u>IMPORTE €</u>	<u>APLICACIÓN S ORZAMENTARIA S QUE INCREMENTAN CRÉDITO</u>	<u>C.P</u>	<u>IMPORTE €</u>
45910.21000	56.630.64 €	45910.61900	26XX00041	56.630,64 €

INTERVENCIÓN

LVP/mlv

Refª: ispac8070671605619652361.doc

Asunto: Decreto aprobación TC 2/2026

TOTAL CRÉDITO CEDIDO	56.630,64€	TOTAL INCREMENTO DE CRÉDITO		56.630,64 €
---------------------------------	------------	--	--	-------------

SEGUNDO. Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo que se deberán introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados do mesmo.

Cúmprase.